MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DA POBACIÓN MIGRANTE "GALICIA SUMA TALENTO"

A Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 29 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, ostenta a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito. E tamén a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 3 como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, favorecer a integración e socialización normalizada da poboación inmigrante.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, e de acordo co establecido no artigo 29 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ten entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de intermediación e orientación laboral, cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego e, singularmente, a coordinación da participación das entidades colaboradoras, sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.

No Boletín Oficial do Estado do 15 de abril de 2026 publicouse o Real Decreto 316/2026, do 14 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 1155/2024, do 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Dito Real Decreto entrou en vigor o pasado 16 de abril e introduce modificacións nos requisitos e procedementos establecidos no Real Decreto 1155/2024, de 19 de novembro, a fin de permitir a plena integración daquelas persoas estranxeiras que permanecen en España de forma prolongada e que, por causas alleas a súa vontade, neste momento non poden regularizar a súa situación por outra vía. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 30 de xuño, e segundo os datos facilitados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, en Galicia presentáronse 38.747 solicitudes de regularización.

A regularización destas persoas implica deseñar medidas que favorezan do xeito máis inmediato posible a súa inclusión no mercado laboral e con iso contribuír ao crecemento da poboación activa así como tamén a afrontar o envellecemento demográfico e un crecemento vexetativo negativo que compromete a dispoñibilidade futura de persoas traballadoras. Sinalar tamén que neste ano 2026 entrou en vigor o Pacto Europeo de Migración e Asilo, que ten entre os seus principios básicos previr as saídas irregulares, loitar

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n, 1º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34 881 995805
dxformacion.cualificacion@xunta.gal
emprego.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: kY13yqNtoFi1 https://sede.xunta.gal/cve

contra o tráfico ilícito de migrantes, así como o fomento da migración legal acompañada dunha cooperación reforzada en materia de retorno e readmisión.

Partindo da premisa de que os procesos migratorios realizados con orde e responsabilidade contribúen ao progreso da nosa economía, non se pode ser alleo a situación daquelas persoas migrantes que por circunstancias diversas se atopan nunha situación de irrregularidade administrativa, e por iso no programa que se pretende desenvolver ao abeiro destes convenios, priman a dignidade destas persoas e o seu esforzo individual por integrarse e formar parte da sociedade que os acolle sendo, sen dúbida algunha, o acceso ao mercado laboral en condicións regulares unha peza fundamental na súa inclusión e integración na nosa sociedade e contribuíndo ao mesmo tempo a facer fronte aos desaxustes do mercado laboral asociados á escaseza de forza laboral.

Antecedentes

No 2023-2024, a consellería levou a cabo programas de arraigo para a formación dirixidos a poboación en situación irregular, en colaboración con entidades de iniciativa social que traballaban con este colectivo; este programa continuo cunha segunda edición no 2024-2025 e que permitiu a regularización de 280 persoas.

Neste sentido o papel das entidades de iniciativa social coas que se pretende levar a cabo o programa, contan con dilatada experiencia e solvencia no desenvolvemento de programas de atención a persoas migrantes en situación irregular aos que prestan non só servizos de atención de necesidades básicas senón tamén servizos de acción social con servizo de apoio para acceso ao emprego e baixo un modelo de acompañamento profesional que inclúe orientación laboral, creación de redes profesionais e apoio para a busca de emprego así como accións grupais dirixidas a mellorar as capacidades e habilidades das persoas demandadas polo mercado laboral. Ademais, están en contacto continuo co tecido produtivo xa que contan con un mapa de empresas colaboradoras que lle permiten ter un amplo coñecemento das necesidades de man de obra que poidan ter e deste xeito poder acadar dun xeito máis áxil a inserción laboral destas persoas.

A entrada en vigor do Real Decreto 316/2026, do 14 de abril, polo que se abriu o prazo do proceso extraordinario de regularización, permite que ao abeiro deste proceso todas aquelas persoas estranxeiras que se atoparan en España antes do 31 de decembro de 2025 e acreditaran ter permanecido polo menos cinco meses de xeito continuado no momento de presentar a súa solicitude, poidan acceder a ese proceso de regularización. O prazo de presentación de solicitudes rematou o pasado 30 de xuño de 2025, e según datos publicados pola Secretaría de Estado de Migracións, en Galicia presentáronse 38.747 solicitudes.

Ante a magnitude deses datos, cómpre adoutar programas que ofrezan oportunidades de inserción no mercado laboral a estas persoas e lles faciliten poder cumprir cos requisitos para que, tras obter autorización provisional de residencia e de traballo, poidan obter a autorización definitiva de residencia e de traballo. Con esta finalidade está deseñado o programa Galicia Suma Talento que se inicia co obxectivo de atender inicialmente a 500

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: kY13vqNtoFi1 https://sede.xunta.gal/cve

persoas, sen prexuízo de que, atendendo as dispoñibilidades orzamentarias, se poida ir incrementando.

Finalidade

Tendo en conta que o número de solicitudes presentadas en Galicia ao abeiro do proceso de regularización extraordinaria acada as 38.747, a Xunta de Galicia aposta por deseñar programas de inserción laboral destas persoas atendendo as súas especiais circunstancias e en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro con experiencia na atención a este colectivo e que xa teñen contacto previo co mesmo e que ademais son coñecedoras dos procedementos de regularización e da normativa en materia de estranxeiría. Neste sentido, a administración autonómica posúe ademais os recursos do Servizo Público de Emprego de Galicia o que facilita tamén unha atención específica a estas persoas que se incorporan ao mercado laboral galego, facilitándolles a carteira de servizos do sistema público de emprego; e outra peza clave neste programa é o tecido produtivo galego a través das vacantes de postos de traballo que non se están a cubrir e que disporán así, a través deste programa, de persoas formadas e preparadas para poder cubrir esas vacantes.

Para levar a cabo o programa de inserción laboral da poboación migrante "Galicia Suma Talento", a consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten prevista a formalización dun convenio de colaboración con Cruz Roja Española en Galicia que se engade aos convenios de colaboración en fase de tramitación con outras entidades sen ánimo de lucro (Federación Cáritas de Galicia, Cáritas Diocesana de Lugo, ONG Rescate Internacional, Federación Escolas Familiares Agrarias en Galicia, Unións Agrarias-UPA e EAPN a través das súas entidades asociadas Ecos do Sur, Ong Mestura e Fundación Juan Soñador).

Informe da Asesoría Xurídica sobre o modelo normalizado de convenio polo que se regulará a concesión de subvencións destinadas a financiar a execución do programa para inserción laboral da poboación migrante: Galicia Suma Talento

Segundo o previsto no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os convenios deberán estar acompañados por, entre outros, *"a) El informe de su servicio jurídico, que deberá emitirse en un plazo máximo de siete días hábiles desde su solicitud, transcurridos los cuales se continuará la tramitación. En todo caso, dicho informe deberá emitirse e incorporarse al expediente antes de proceder al perfeccionamiento del convenio. No será necesario solicitar este informe cuando el convenio se ajuste a un modelo normalizado informado previamente por el servicio jurídico que corresponda."*

Asi mesmo, o artigo 8.c) da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público establece que corresponde ao persoal da escala de letrados da Xunta de Galicia a emisión de informe ou ditame con carácter preceptivo en materia de convenios de colaboración.

O convenio a asinar coa entidade Cruz Roja Española en Galicia para desenvolver o programa de inserción laboral da poboación migrante Galicia Suma Talento, responde ao

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: kY13vqNtoFi1 https://sede.xunta.gal/cve

modelo normalizado que foi informado pola Asesoría Xurídica con data 23 de agosto de 2026.

A presente memoria xustificativa elabórase de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación, co obxecto de fundamentar a procedencia da concesión directa dunha subvención, instrumentada mediante convenio de colaboración, á entidade Cruz Roja Española en Galicia.

A concesión directa da subvención xustifícase ao abeiro do previsto no artigos 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permiten o outorgamento directo de subvencións cando concorran razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou cando resulte acreditada a singularidade da entidade beneficiaria e do proxecto, que fagan improcedente ou ineficiente a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva. En particular, o artigo 26 da citada lei prevé a formalización destas subvencións mediante convenios, como instrumento xurídico idóneo para regular actuacións de colaboración entre a Administración autonómica e entidades que desenvolven actividades de interese xeral, permitindo establecer de forma expresa os obxectivos, compromisos das partes, financiamento, réxime de xustificación e mecanismos de seguimento e control.

O programa obxecto da subvención responde de maneira directa a obxectivos de interese público e social, nos termos esixidos polo artigo 19 da Lei 9/2007, ao incidir simultaneamente en:

- A mellora da empregabilidade de persoas migrantes desempregadas.
- A contribuír a dar resposta ás necesidades de persoal cualificado do tecido produtivo galego.

Polo exposto, a concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de opoñer excepción do réxime común de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social debidamente acreditado.

Asinado na data da sinatura dixital
A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego
Zeltia Lado Lago

Asinado por: ZELTIA LADO LAGO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 08/09/2026 10:53:15

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: kY19vqNtoFi1 https://sede.xunta.gal/cve